



INSTRUCCIÓN SOBRE A CONSULTA AO PERSOAL FUNCIONARIO DAS SÚAS PREFERENCIAS PARA A CONFIRMACIÓN NO POSTO DENTRO DO PROCESO DE REORGANIZACIÓN DE EFECTIVOS DA FASE III.

O 31 de decembro de 2025 entrará en funcionamento a Nova Oficina Xudicial correspondente á fase III. De conformidade co previsto na disposición transitoria primeira do Real Decreto 1451/2005 do 7 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso, provisión de postos de traballo e promoción profesional do persoal funcionario ao servizo da administración de Xustiza e no documento que regula o procedemento para o desenvolvemento da reorganización de efectivos das oficinas de xustiza, oficinas xerais do rexistro civil e oficinas de xustiza do municipio da fase III procede consultar ás persoas funcionarias sobre a preferencia para a confirmación no posto de traballo.

Persoal destinatario da consulta:

O persoal dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial con destino definitivo ou reserva de posto en todas as unidades afectadas pola implantación da Fase III na Coruña, Santiago de Compostela, Ferrol, Lugo, Ourense, Vigo e Pontevedra.

Queda excluído desta consulta o seguinte persoal:

- O persoal que obtivo un posto singularizado por libre designación ou por concurso específico.
- O persoal que teña prevista a xubilación antes do 31.12.2025.
- O persoal destinado nos servizos comúns de apoio de cada localidade e o persoal do corpo de auxilio destinado no servizo de apoio do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.
- O persoal destinado nos Rexistros Cívís Exclusivos da Coruña e de Vigo.
- O persoal dos Xulgados exclusivos de Violencia sobre a Muller da Coruña e Vigo.
- O persoal destinado en Fiscalía e Imelga.



Prazo e forma de presentación do formulario:

O formulario coa preferencia sobre a confirmación deberá completarse obrigatoriamente na Oficina Virtual do Persoal da Administración de Xustiza (OPAX) no sitio web <http://opax.xunta.es> **no prazo dos 3 días hábiles** seguintes ao da publicación desta instrución na Intranet de xustiza e na web da consellería de presidencia, Xustiza e Deportes.

Non serán válidas as solicitudes en estado borrador.

Unha vez presentada a solicitude, esta non poderá ser modificada. En caso de querer cambiala, deberá crearse unha nova solicitude e presentala. A presentación dunha solicitude anula todas as anteriores, sendo só válida a última solicitude presentada.

Para acceder ao módulo de solicitudes, as persoas solicitantes deberán identificarse, para o cal están habilitadas dúas modalidades de identificación:

- a) Mediante a utilización dun certificado dixital recoñecido (DNI electrónico, tarxeta de identificación de persoal ao servizo da Administración de xustiza en Galicia ou outro que a Comunidade Autónoma de Galicia considere válido).
- b) De non dispoñeren dun certificado dixital recoñecido, as persoas solicitantes accederán á OPAX mediante un usuario e o correspondente contrasinal.

En ambos os casos, a persoa solicitante deberá ter un usuario rexistrado na OPAX. No caso de que o sistema non recoñeza o usuario como válido ou de que este non lembre o seu contrasinal, farase uso da opción habilitada para estes efectos.

Instrucións para a cobertura do formulario:

O formulario dispoñible en OPAX consta de dous apartados:

1. Primeiro apartado:

A cubrir só no caso do persoal que tramite e execute para manifestar a súa preferencia por confirmarse no Servizo Común de Tramitación ou no Servizo Común de Execución, na área que corresponda.

Este apartado só deberá cubrirse por parte do persoal destinado nas seccións das Audiencias Provinciais e Xulgados que conste como que "tramita e executa" na listaxe definitiva da consulta sobre as funcións ou por aquel persoal para o que por diversas causas non se puideran determinar as súas funcións.



De acordo co plan de reorganización, de non optar a unha praza ou a outra, este persoal confirmarase nun servizo ou noutro de maneira proporcional.

No caso de que non poidan ser confirmados na opción elixida, serán confirmados na outra se existen postos dispoñibles.

2. Segundo apartado:

A cubrir por todo o persoal para manifestar se desexan confirmarse nun posto de similar contido ao do seu posto definitivo.

Este apartado debe ser cuberto por todo o persoal destinatario da consulta, incluído o persoal que manifestou a súa preferencia no apartado anterior.

Esta opción será tida en conta no caso de que o número de efectivos do persoal actual exceda das dotacións previstas nas relacións de postos de traballo da nova organización, e terán preferencia para ser confirmados as funcionarias e os funcionarios de cada corpo con maior antigüidade no posto de similar contido, ao que debe ser provisto polo procedemento de confirmación. No caso de empate acudirase ao escalafón.

Se os funcionarios ou funcionarias con maior antigüidade no posto de orixe, non optasen por confirmarse nestes postos serán confirmados os de menor antigüidade no posto de similar contido, ata completar o número total de postos a confirmar por cada corpo.